



CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

Expediente núm.: 1199/2023

Actividade: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

Asunto: Convenio interadministrativo entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local, Concello de Pereiro de Aguiar (o), para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2023-2024, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020

Obra/servizo subvencionado: Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais ano 2023

Categoría profesional: Peón brigada de incendios

RESOLUCIÓN DE ALCALDIA

ASUNTO: Contratación de aspirantes que superaron o proceso de Selección de persoal laboral temporal ao abeiro do Convenio interadministrativo suscrito entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de Pereiro de Aguiar (O) para a "Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais ano 2023" (Peón brigada de incendios)

Visto o expediente tramitado para a selección de persoal laboral temporal no Concello do Pereiro de Aguiar, de seis (6) Peóns de brigada de incendios para a obra / servizo "Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais ano 2023", cuxas bases foron aprobadas por Resolución de Alcaldía do 9 de xuño de 2023, e posteriormente publicadas no Taboleiro de anuncios e na Páxina Web deste Concello con data do 9 de xuño de 2023.

Vista a proposta do Tribunal cualificador das probas e de acordo coa orde de puntuación obtida no referido proceso selectivo.

Visto o informe emitido pola empresa Ibersys. Seguridade e saúde laboral, S.L. sobre os resultados finais da proba física de esforzo e o recoñecemento médico dos/as aspirantes propostos polo noso Concello.

Visto o certificado de formación emitido por Diego Cudeiro Fernández, DNI 44476178C, acreditando a asistencia ó Curso de formación en seguridade e extinción de incendios forestais dos/as aspirantes propostos polo noso Concello.

De conformidade co establecido no artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e demais disposicións concordantes,

RESOLVO

Primeiro.- Aceptar a renuncia á contratación para o posto de traballo de Peón de brigada de incendios para a obra / servizo "Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais ano 2023", comunicada en tempo e forma polo seguinte aspirante:

- Enrique Lorenzo Marquina (■■■■9540■■■■)
- Diego Ogando Bugallo (■■■■6364■■■■)





CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

Segundo.- Contratar ós/ás seguintes aspirantes propostos polo Tribunal cualificador, e que superaron as probas selectivas do proceso de Selección de persoal laboral temporal no Concello do Pereiro de Aguiar, de seis (6) Peóns de brigada de incendios para a obra / servizo "Brigada prevención e defensa contra incendios forestais ano 2023", de acordo coa orde de puntuación obtida no proceso selectivo:

	APELIDOS ENOME	DNI	EXENTO GALEGO	EXPERIENCIA PROFESIONAL (máx. 5 puntos)	FORMACIÓN (máx. 3 puntos)	PROBA DE GALEGO	ENTREVISTA A CURRÍCULO (máx. 12 puntos)	TOTAL PUNTOS	PROBA FÍSICA DE ESFORZO	CERTIFICADO MÉDICO DE APTITUDE	CURSO DE FORMACIÓN
1	Gómez Pato Adrián	4046	SI	0	3	-	12	15	Apto	Apto	Apto
2	De Juana de Frutos Pablo	4430	SI	1,2	0,6	-	12	13,8	Apto	Apto	Apto
3	Feijóo Bóveda Alejandro	4599	SI	0,4	1,2	-	12	13,6	Apto	Apto	Apto
4	Pintor Prol Ana Belén	1241	SI	0	0	-	12	12	Apto	Apto	Apto
5	Gutiérrez Puente Ana Belén	3493	SI	0	0	-	9	9	Apto	Apto	Apto
6	Rodiz Taboada Iván	4289	NON	0	0	APTO	9	9	Apto	Apto	Apto

Terceiro.- Contratar ós/ás anteditos/as aspirantes para a obra / servizo "Brigada prevención e defensa contra incendios forestais ano 2023" ao abeiro do Convenio interadministrativo suscrito entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de Pereiro de Aguiar (O), na categoría profesional de "Peón de brigada de incendios", segundo os seguintes períodos de contratación:

- Para o período comprendido entre o 15 de xullo de 2023 e o 14 de outubro de 2023:
 - Pablo De Juana de Frutos (4430)
 - Ana Belén Pintor Prol (1241)
 - Iván Rodiz Taboada (4289)
- Para o período comprendido entre o 20 de xullo de 2023 e o 19 de outubro de 2023:
 - Adrián Gómez Pato (4046)
 - Alejandro Feijóo Bóveda (4599)
 - Ana Belén Gutiérrez Puente (3493)

Cuarto.- Contratar ós/ás ditos/as aspirantes para a obra / servizo "Brigada prevención e defensa contra incendios forestais ano 2023" ao abeiro do Convenio interadministrativo suscrito entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de Pereiro de Aguiar (O), na categoría profesional de "Peón de brigada de incendios", cos seguintes custos salariais:

PERSOAL BRIGADA INCENDIOS	GRUPO PROFESIONAL	TIPO XORNADA %	RETRIBUCIÓN BRUTA MENSUAL (1)
Peón de brigada	V	100,00%	1.402,91

(1) Incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e complementos salariais suxeitos a cotización mensual

Quinto.- Formalizar o contrato de traballo na modalidade de contrato de duración determinada que resulte necesario para a execución de programas de carácter temporal cuxo financiamento proveña de fondos da Unión Europea (D.A.5ª do Real Decreto – lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas

RESOLUCIONS DE ALCALDIA

Número: 2023-0592 Data: 14/07/2023

Cod. Validación: 4PH062YMXQYJL9TLWTN34SRDZ
Corrección: https://concelloperreiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3





CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo), en réxime de dedicación a tempo completo.

Sexto.- A quenda de reserva queda establecida pola seguinte orde de puntuación, se ben irase actualizando conforme ao disposto nas Bases que rexerán a selección de persoal laboral temporal no Concello do pereiro de Aguiar, aprobadas por Resolución de Alcaldía do 9 de xuño de 2023, e posteriormente publicadas no Taboleiro de anuncios e na Páxina Web deste Concello con data do 9 de xuño de 2023:

	APELIDOS ENOME	DNI	EXENTO GALEGO	EXPERIENCIA PROFESIONAL (máx. 5 puntos)	FORMACIÓN (máx. 3 puntos)	PROBA DE GALEGO	ENTREVISTA A CURRÍCULO (máx. 12 puntos)	TOTAL PUNTOS	PROBA FÍSICA DE ESFORZO	CERTIFICADO MÉDICO DE APTITUDE	CURSO DE FORMACIÓN
1	Bermúdez Hernández Pablo	2182	SI	0,8	0	-	8	8.8	Apto	Apto	Apto
2	Pereira Iglesias Rafael	4728	SI	0	0,2	-	6	6.2	Apto	Apto	Apto

Sétimo.- Publicar a presente Resolución na sede electrónica deste Concello do Pereiro de Aguiar [<http://concellopereiro.sedelectronica.gal>] e na súa páxina web (www.concellopereiro.com).

Oitavo.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno do Concello e (no seu caso) á Xunta de Goberno Local, na primeira sesión que celebren.

Noveno.- Dar conta da presente Resolución ós/ás interesado/as para os efectos oportunos.

Décimo.- Informar á representación legal dos/as traballadores/as, mediante entrega dunha copia básica dos contratos celebrados.

Décimo primeiro.- Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados/as interpoñer, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes para contar desde o día seguinte á recepción desta notificación, ante a Alcaldía deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas - LPACAP-, ou recurso contencioso - administrativo, ante os Xulgados do Contencioso - Administrativo de Ourense no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso - Administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso - administrativo ata que aquel sexa resolvido expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Así mesmo, poderá exercitar calquera outro recurso que considere pertinente.

Así o acorda o Sr. Alcalde, D. Luís Menor Pérez, no Pereiro de Aguiar; do que como Secretario – Interventor dou fe ó exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 e) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

O Alcalde,
Luis Menor Pérez

O Secretario – Interventor,
José Antonio Cerdeira Pérez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

RESOLUCIONES DE ALCALDIA
Número: 2023-0592 Data: 14/07/2023

Cod. Validación: 4PH062YMXQYJL9TLWTN345RDZ
Corrección: <https://concellopereiro.sedelectronica.gal>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3

